

Recurso nº 48/2019**Resolución nº 46/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 21 de febreiro de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por don A.L.S.B. actuando en nome e representación de HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS contra a exclusión da súa oferta para o lote 2 da contratación, por Nauta Sanxenxo, S.L.U., dun servizo de seguro que cubra os riscos de responsabilidade civil e danos propios, expediente 7/2018, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en diante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Por Nauta Sanxenxo, S.L.U. convocouse a licitación do contrato de servizo de seguro que cubra os riscos de responsabilidade civil e danos propios, integrado por dous lotes, expediente 7/2018, cun valor estimado declarado de 99.315,34 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación en data 28.11.2018 na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP, en diante) en canto á súa preparación e adxudicación. No relativo aos seus efectos e extinción, ás previsións do art. 319 LCSP e á Lei 50/1980, de 8 de outubro, de contrato de seguro, a

Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras e demais normativa sectorial aplicable. En todo o demais, rexeráse polas normas de dereito privado que lle resulten de aplicación.

Terceiro.- O 21.01.2019 HELVETIA interpuxo recurso especial en materia de contratación no Concello de Sanxenxo, con entrada o 22.1.2019 en Nauta Sanxenxo, S.L.U.

Cuarto.- Con data 19.02.2019 o órgano de contratación remite a este TACGal seu informe ao recurso especial, xunto co expediente.

Quinto.- Examinado o expediente administrativo, e ao estarmos nun suposto do artigo 55 LCSP, procedeu ditar a presente Resolución.

Sexto.- Respecto da suspensión cautelar solicitada, non procedeu adoptar decisión sobre a mesma porque xa se pasou a ditar a presente Resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- No exame do expediente recibido, este Tribunal observa que no prego de cláusulas administrativas particulares, no apartado 2 denominado “*Prima máxima total de licitación e valor estimado do contrato*”, se establece que tal valor total estimado da contratación é de 99.315,34 euros. Tamén consta dita cuantificación na publicidade desa licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

O artigo 44.1 LCSP establece que serán susceptibles de recurso especial os actos e decisións enumerados no seu apartado segundo, cando se refiran aos

contratos que relaciona e que, polo que aquí afecta, establece un limiar de valor estimado superior aos 100.000 euros para os contratos de servizos (art. 44.1.a).

Dado que esta ten un valor estimado de 99.315,34 euros non cabe recurso especial por non acadar o limiar susceptible de recurso, polo que procede a súa inadmisión. Así, o artigo 55 LCSP establece que o órgano encargado de resolver o recurso, tras a reclamación e exame do expediente administrativo, poderá declarar a súa inadmisión cando constar de modo inequívoco e manifesto calquera dos supostos dese precepto, entre os cales, na letra c) está o de *“A interposición do recurso contra actos non susceptibles de impugnación, de conformidade co disposto no artigo 44”*.

En todo caso, en virtude do previsto no artigo 115.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas procede remitir o escrito de recurso ao órgano de contratación ao obxecto de que se proceda, no seu caso, á súa tramitación como recurso administrativo, de acordo co previsto no Capítulo II do Título V desa Lei, tendo en conta o disposto ao respecto no artigo 44.6 LCSP.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS contra a exclusión da súa oferta para o lote 2 da contratación, por Nauta Sanxenxo, S.L.U., dun servizo de seguro que cubra os riscos de responsabilidade civil e danos propios, expediente 7/2018.

2. Remitir o escrito de recurso á entidade contratante ao obxecto de que se proceda, no seu caso, á súa tramitación como recurso administrativo, de acordo co previsto no Capítulo II do Título V da LPACAP.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.